



Trámites burocráticos dos gandeiros de leite mediante o uso das TIC

Co obxectivo de coñecer a visión dos gandeiros de leite acerca das sedes electrónicas do Goberno, leváronse a cabo dous estudos de caso a unha mostra representativa de ganderías leiteiras de Galicia e as análises foron realizadas xusto antes da pandemia e despois da súa peor fase. Os resultados amósanse a continuación.

Alba Vázquez López, Manuel Marey Pérez
Escola Politécnica Superior de Enxeñería de Lugo (EPS)
Universidade de Santiago de Compostela (USC)

INTRODUCCIÓN

A Lei de procedemento administrativo (BOE-A-2015-10565) obriga a todas as entidades xurídicas a comunicarse coa Administración de forma telemática. Esta situación afecta de maneira directa ao sector da gandería de leite, posto que

► EN CANTO AO USO DE INTERNET, CASE A TOTALIDADE DOS ENQUISADOS AFIRMARON UTILIZALA, ADEMAIS DE POSUÍR BOAS HABILIDADES COAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Gráfico 1. Tipo de agrupación





Gráfico 2. Tipo de entidade



na súa maioría presentan agrupación de tipo xurídica (gráficos 1 e 2). Isto supón a substitución das tramitacións tradicionais en papel e presenciais cara ao uso de plataformas web da Adminis-

tración pública (e-goberno) para resolver todos os trámites relativos ao seu negocio, desde a Oficina Virtual para a Gandería (OVGAN), ata webs para a petición de permisos ou axudas. ►►

VOLUMETRA 16 500 L

¡LA CISTERNA DE PURÍN MUY POLIVALENTE!



• Mando
ISOBUS completo
• Ruedas VF
750/60R30:5



**Elevador
4 puntos integrado**



**Suspensión
hidráulica atornillada**



Lanza oleo-neumática



ADVANTAGE



158B

JOSKIN

joskin.com



Figura 1. Número total de granjas leiteiras por municipio





Figura 2. Granjas entrevistadas por municipio



► OS RESULTADOS EVIDENCIAN QUE AÍNDA EXISTEN PROBLEMAS PARA REALIZAR TRÁMITES

MATERIAIS E MÉTODOS

Galicia presenta ao redor dunhas 6.695 explotacións (FEGA, 2019) que se distribúen de acordo coa figura 1 e pode observarse como a metade norte da rexión concentra a maioría das granjas leiteiras, mentres que existe unha grande ausencia de granjas, sobre todo na zona sur. Ademais, tal e como se mostra en estudos realizados por Pereira *et al.* (2016) e López *et al.* (2017), esta rexión proporciona máis do 38 % da produción leiteira española e aproximadamente o 1,5 % da produción de leite da UE, ocupando a posición número 9 das rexións máis produtivas de leite de Europa (Eurostat, 2020).

As entrevistas cara a cara foron comunmente utilizadas no ámbito concreto da gandería de leite Butler & Holloway (2016), Verhees *et al.* (2018), O'Donoghue & Heanue (2018) e McKillop *et al.* (2018).

Partiuse dun total de 107 ganderías leiteiras de vacún no momento no que se dispuña de información pública relativa ás súas características, que se completou tamén con datos públicos de Africor e FEGA.

Finalmente, conseguiuase unha mostra cun total de 34 explotacións representativas de acordo aos criterios de selección utilizados (figura 2) e realizáronse dous cuestionarios a estes propietarios: un de tipo presencial, xusto antes da pandemia (entre febreiro e marzo de 2020), e outro tras o confinamento, por motivo da COVID 19.

RESULTADOS

Na figura 3 pódense observar as preguntas dirixidas aos usuarios das plataformas web da Administración pública (e-goberno). Realizáronse preguntas relacionadas co uso do goberno electrónico e a integración de trámites, o uso das TIC e as conexións na granxa, os desprazamentos para resolución de trámites e os custos derivados destes, o grao de coñecemento e uso das aplicacións máis habituais nos nosos días. ►►

Figura 3. Gráfico resumo. Cuestionario 1





KESSENT® y LysiGEM™

LIDERANDO UNA
GANADERÍA MÁS SOSTENIBLE

La metionina y la lisina son los dos aminoácidos esenciales más limitantes para la producción lechera en los rumiantes.

Los beneficios de la metionina y la lisina son bien conocidos pero, cuando se utilizan de forma concertada, proporcionan beneficios adicionales más allá de la suplementación con el aminoácido individual. Sin su inclusión nunca podremos llegar a maximizar ni optimizar nuestra producción.

KEMIN, como único proveedor de metionina y lisina ampliamente contrastadas, pone a su disposición KESSENT y LYSIGEM.


KEMIN
RUMINANT
ESSENTIALITIES

[kemin.com/
ruminant-essentialities](https://kemin.com/ruminant-essentialities)



► MALIA QUE O 97 % DIXO UTILIZALA, AÍNDA SEGUEN A SER NECESARIAS AS VISITAS ÁS OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS (OAC) PARA A REALIZACIÓN DE TRÁMITES

Figura 4. Preguntas do cuestionario 1




Na figura 4 pódense observar as distintas preguntas formuladas cos seus valores porcentuais de resposta. En canto ao uso de Internet, case a totalidade dos enquisados afirmaron utilizala, ademais de posuír boas habilidades coas novas tecnoloxías. Con respecto da calidade de conexión desde computador, 22 das 34 explotacións enquisadas afirmaron ter unha conexión a Internet suficiente para a realización de tramitacións, a pesar de que a velocidade de navegación nunca se achegaba aos 30 Mbps establecidos como velocidade de conexión mínima pola Estratexia Europa 2020 (nova axenda para o crecemento e o emprego na segunda década do século XXI). A conexión desde un *smartphone* presentou mellores resultados que a conexión desde PC, xa que a maioría dos enquisados aseguraron estar satisfeitos. Cando se lles preguntou polo uso da sede electrónica da Administración pública, malia que o 97 % dixo utilizala, aínda seguen sendo necesarias as visitas ás oficinas agrarias comarcais (OAC) para realizar trámites. Tamén se lles preguntou sobre a subcontratación de trámites a entes acreditadas en canto a custos, sobre o que a maioría afirmou que se atopaba ou por baixo dos 100 € ou, como moito, entre 100 e 150 €.

O uso e coñecemento das *app* máis populares aparecen reflectidos por porcentaxes na figura 5. Tal e como pode observarse, no eixe horizontal móstranse as distintas aplicacións e no eixe vertical, os valores porcentuais de uso. Na lenda reflíctense tons verdes para aplicacións que oscilan desde descoñecidas ata utilizadas de cando en vez e en tons azuis aquelas utilizadas desde bastante a miúdo a diariamente. WhatsApp, seguido de Google e o correo elec-

trónico, foron as aplicacións máis utilizadas. Destacaron de WhatsApp a súa comunicación rápida e sinxela, coa que se poden compartir documentos, fotos ou vídeos. O correo electrónico salientou polo seu carácter formal á hora de realizar pedidos ou outras xestións do seu negocio. No extremo oposto atópanse aplicacións como as compras *online*, a banca electrónica ou as redes sociais, que foron as menos utilizadas ou mesmo descoñecidas para os enquisados. ►►

Figura 5. Grao de coñecemento e uso de aplicacións informáticas



McCORMICK X8.680 310 CV



RED DE CONCESIONARIOS

AGROFORESTAL ROUCO SLU
C/ Xistral, n.º 23
27770 O Valadouro · Lugo
Tfno.: 982 574 613

TALLERES MOSFER SC
P. Ind. Monterroso, Parcela 14
27560 Monterroso · Lugo
Tfno.: 982 378 011

PABLO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
C/ Fonteboa, n.º 1
32570 Maside · Ourense
Tfno.: 696 687 726

TAIL MAQUINARIA
Parque empresarial de Xinzó, Parcela 12
32630 Xinzó de Limia · Ourense
Tfno.: 988 550 502

CIAL. AGRÍCOLA Y CERRAJERA F. CHAVES SL
Tanoira, n.º 17, Padrenda
36968 Meaño · Pontevedra
Tfno.: 986 747 243

TALLERES JOMABE SL
C/ Arenal, n.º 52
36500 Lalín · Pontevedra
Tfno.: 986 780 272

AGROCOSME SL
Estrada de Tui, n.º 25, Cela
36415 Mos · Pontevedra
Tfno.: 986 344 599

Táboa 1. Trámites realizados pola maioría

Procedementos co e-goberno	Si	Non
Consulta de censo	91 %	9 %
Consulta de movementos de gando	82 %	18 %
Consulta de trámites rexistrados	79 %	21 %
Alta por nacemento	94 %	6 %
Duplicado de crotais	88 %	12 %
Declaración de movemento	91 %	9 %

Táboa 2. Trámites realizados pola metade

Procedementos co e-goberno	Si	Non
Consulta do libro de explotación	62 %	38 %
Solicitude de guía regular	50 %	50 %
Solicitude de autoguía	50 %	50 %


Táboa 3. Trámites apenas realizados

Procedementos co e-goberno	Si	Non
Cambio de datos persoais	18 %	82 %
Solicitude de permisos medioambientais	38 %	62 %
Política agraria común	9 %	91 %
Obtención de formularios oficiais	26 %	74 %

En canto ao uso do e-goberno, a pesar de ser usado por case a totalidade dos enquisados, aínda existen trámites que necesitan realizar utilizando outras alternativas. Na táboa 1 móstranse aqueles trámites que son realizados pola maioría, mentres que na táboa 2 reflíctense tramitacións realizadas pola metade dos enquisados. Os trámites non realizados mediante o e-goberno móstranse na táboa 3, como as peticións de permisos ambientais, as axudas da PAC ou a obtención de formularios oficiais que seguen sendo realizados mediante outros métodos.

Na figura 6 móstrase un gráfico resumo das preguntas sobre o uso do e-goberno e tamén sobre o non uso destas ferramentas.

En canto ás interfaces do e-goberno, analizáronse distintas características en función do grao de compracencia dos usuarios. Tal e como pode observarse na figura 7, no eixe horizontal aparecen reflectidas as distintas características de análises e no eixe vertical os seus respectivos valores porcentuais. Na lenda aparecen reflectidos en tons azuis os graos de satisfacción máis baixos con estas ferramentas, e en tons verdes os graos máis altos. As características peor valoradas polos enquisados foron as seguintes: a cuberta de datos, »

Figura 6. Gráfico resumo da compracencia co e-goberno ou o seu non uso**Figura 7. Interfaces do e-goberno (%)**



Camix[®] 560SE

La **evolución** del líder



Altos estándares de **CONTROL** con una formulación
más **SOSTENIBLE**



Camix[®] 560SE

syngenta.



© 2022 Syngenta. Todos los derechos reservados. [™] y [®] son marcas comerciales del Grupo Syngenta.
Use los productos fitosanitarios de manera segura.
Lea siempre la etiqueta y la información sobre el producto antes de usarlo.

► OS MÉTODOS ALTERNATIVOS MÁIS UTILIZADOS FORON O SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 012 E A AXUDA DUN 3.º

Figura 8. Métodos de realización de trámites




Figura 9. Satisfacción co 012





Figura 10. Gráfico resumo e-goberno durante a peor fase da pandemia



a procura de trámites realizados e de forma intuitiva dos menús.


Na figura 8 móstranse os métodos alternativos utilizados tanto polos non usuarios do e-goberno como para aqueles que aínda realizando tramitacións online necesitan buscar alternativas para determinados trámites. Tal e como se observa, os métodos alternativos máis utilizados foron o servizo de atención telefónica 012 e a axuda dun 3.º (familiar ou persoa próxima). O 012 parece ser unha alternativa competitiva ao uso do e-goberno, xa que a maioría dos usuarios se atopan satisfeitos con este servizo.

Na figura 10 amósase un gráfico resumo do cuestionario levado a cabo xusto despois da peor fase da

pandemia, con cuestións relacionadas co uso do e-goberno durante esta etapa.

Tal e como pode observarse na figura 11, ao redor dun 30 % dos enquisados tiveron problemas durante a pandemia para a realización de trámites co e-goberno. Esta porcentaxe aumenta ao redor do 40 % cando se lles preguntou polo grao de cumprimento do e-goberno coas necesidades actuais (figura 12). En momentos de confinamento a nivel nacional, foron necesarios métodos alternativos, coma o servizo de atención telefónica ou os desprazamentos a OAC (figura 13). ►►

Figura 11. Problemas para realizar os trámites



LOS PRODUCTOS GALICAL FAVORECEN EL RENDIMIENTO DEL MAÍZ



Para reducir el efecto limitante del pH y controlar el aluminio en las tierras de cultivo es recomendable aplicar enmiendas calizas o magnésicas.
El maíz exige un pH de entre 6 y 7.

- **ENMIENDA CALIZA, CAL VIVA GRANULADA (90 % CaO)**

Alto porcentaje en calcio. Valor neutralizante: 90 %

- **ENMIENDA CALIZA, CAL VIVA GRANULADA DOLOMÍTICA (35 % MgO / 60 % CaO)**

Alto porcentaje de magnesio. Valor neutralizante: 95 %

- **ENMIENDA CALIZA, CAL VIVA (80 % CaO)**

Gran poder de neutralización. Valor neutralizante: 80 %

- **ENMIENDA CALIZA, CAL APAGADA (65 % CaO)**

Potencia el rendimiento agrícola. De fácil asimilación. Valor neutralizante: 65 %

- **ENMIENDA CALIZA, CAL APAGADA + DOLOMÍA (53 % CaO / 23 % MgO)**

Aporta magnesio. Favorece la actividad clorofílica de la planta. Valor neutralizante: 83 %

- **ENMIENDA CALIZA, CARBONATO CÁLCICO (56 % CaO)**

Para tierra y camas higiénicas. Eficaz en la reducción de mamitis ambientales y dermatitis. Apropiado para la producción de todo tipo de piensos. Valor neutralizante: 56 %

- **ENMIENDA CALIZA DE CARBONATO CÁLCICO MAGNÉSICO, GALIMAG (33 % CaO / 17 % MgO)**

Aporta magnesio. Valor neutralizante: 60 %

- **ENMIENDA CALIZA, GRANICAL G60 SUPRA (54 % CaO / 1 % MgO)**

Fácil aplicación y asimilación. Valor neutralizante: 56 %

- **ENMIENDA CALIZA, GRANICAL G60 PLUS (47,35 % CaO / 6 % MgO)**

Fácil aplicación y asimilación con aporte de magnesio. Valor neutralizante: 59 %



Extendido regulado por GPS
Transporte a cualquier punto de España y Portugal





GALICAL SL
CALES Y DOLOMÍAS AGRÍCOLAS



C/ Gallastegui Unamuno.
Vial G - N.º 7
Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo

Tfno.: 982 22 14 84
E-mail: info@galical.es
Web: www.galical.es



Figura 12. Cumprimento do e-goberno coas necesidades actuais**Figura 13. Resolución de trámites presenciais**

► AÍNDA EXISTE MARXE DE MELLORA NOS PROCESOS DE COMUNICACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E AS GANDERÍAS LEITEIRAS DE VACÚN

CONCLUSIÓN

Os resultados evidencian que aínda existen problemas para a realización de trámites, debidos non só ás conexións deficientes no medio rural, senón tamén a webs que non cumpren coas necesidades dos usuarios ou á falta de coñecemento e uso do TIC. Cabe ter en conta que un amplo número de gandeiros que si utilizan as plataformas web da Administración aínda atopan moitas carencias á hora de realizar tramitacións de forma efectiva. Estes desaxustes derivados de tramitacións ineficaces tradúcense na procura de alternativas, entre as que salientan a importancia do servizo telefónico 012 e as OAC.

Tras a chegada da COVID-19, todos os gandeiros que non facían uso da web do Goberno, tiveron que implementarlalas. No entanto, cabe resaltar que un importante número de enquisados tiveron problemas para realizar trámites na peor fase da pandemia, polo que tiveron que recorrer a métodos alternativos como chamadas ao 012 ou desprazamentos a OAC.

Como se puido observar nos resultados, aínda existe marxe de mellora nos procesos de comunicación entre a Administración pública e as ganderías leiteiras de vacún. ■

BIBLIOGRAFÍA

Asociación Frisona de Control de Rendimiento (Africor Lugo): <http://www.africorlugo.com>

Butler, D., & Holloway, L. (2016). Technology and restructuring the social field of dairy farming: Hybrid capitals, 'stockmanship' and automatic milking systems. *Sociologia ruralis*, 56(4), 513-530.

Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA): <https://www.fega.gob.es/es>

Ley 39/2015, de 1 de octubre, el Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Boletín Oficial del Estado, 236, sec. I, del 2 de octubre de 2015, 89343-89410. <https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10565.pdf>

López, E. T., Leira, R. D., Martínez, M. G., & Bugallo, P. B. (2017). Integrated environmental permit through Best Available Techniques: Evaluation of the dairy industry. *Journal of Cleaner Production*, 162, 512-528.

McKillop, J., Heanue, K., & Kinsella, J. (2018). Are all young farmers the same? An exploratory analysis of on-farm innovation on dairy and drystock farms in the Republic of Ireland. *The Journal of Agricultural Education and Extension*, 24(2), 137-151.

O'Donoghue, C., & Heanue, K. (2018). The impact of formal agricultural education on farm level innovation and management practices. *The Journal of Technology Transfer*, 43(4), 844-863.

Pereira, Á., Carballo-Penela, A., González-López, M., & Vence, X. (2016). A case study of servicing in the farming-livestock sector: organisational change and potential environmental improvement. *Journal of Cleaner production*, 124, 84-93.

Verhees, F., Malak-Rawlikowska, A., Stalgiene, A., Kuipers, A., & Klopčič, M. (2018). Dairy farmers' business strategies in Central and Eastern Europe based on evidence from Lithuania, Poland and Slovenia. *Italian Journal of Animal Science*, 17(3), 755-766.